

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

RESOLUCIÓN do 17 de outubro de 2017, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se anuncia a licitación do servizo consistente na dirección de execución das obras de rehabilitación integral do edificio administrativo na rúa Benito Corbal de Pontevedra, cofinanciada nun 80 % polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, eixe EP4, prioridade 4c, polo procedemento aberto, tramitación ordinaria e adxudicación baseada en multicriterios.

1. Entidade adxudicadora. Datos xerais e datos para a obtención da información:

a) Organismo: Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría Xeral Técnica.

c) Obtención de documentación e información:

1º. Dependencia: Secretaría Xeral Técnica.

2º. Domicilio: Complexo Administrativo San Caetano, edificio nº 1, 2º andar.

3º. Localidade e código postal: Santiago de Compostela 15781

4º. Teléfonos: información de índole técnica: 981 54 42 85/981 54 47 32 e información de índole administrativa: 981 54 45 17/981 54 45 48.

5º. Telefax: 981 54 42 39.

6º. Correo electrónico:

Información administrativa: contratacion.vicepresidencia@xunta.gal

Información técnica: emilio.jose.iglesia.lema@xunta.gal; juan.pintos.martinez@xunta.gal



7º. Enderezo da internet do perfil do contratante:

<http://www.contratosdegalicia.es/resultado.jsp?N=212786>

8º. Data límite de obtención de documentación e información: a mesma que a de presentación de solicitudes.

d) Número do expediente: 2017-SESE 28-PL.

2. Obxecto do contrato:

a) Tipo: contrato administrativo de servizos.

b) Descrición: prestación do servizo consistente na dirección de execución das obras de rehabilitación integral do edificio administrativo sito no número 47 da rúa Benito Corbal de Pontevedra.

c) División por lotes e número de lotes/número de unidades: non leva lotes.

d) Lugar de execución: inmovible situado no número 47 da rúa Benito Corbal de Pontevedra.

e) Prazo de execución: quince meses contados desde o día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación da implantación.

f) Admisión de prórroga: non.

g) CPV:

71200000-0. Servizos de arquitectura e servizos conexos.

71210000-3. Servizos de asesoramento en arquitectura.

71221000-3. Servizos de arquitectura para edificios.

3. Tramitación e procedemento:

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.



c) Poxa electrónica: non.

d) Criterios de adxudicación: os establecidos na epígrafe J da folla de especificacións do prego de cláusulas administrativas particulares.

4. Valor estimado do contrato: 101.825,12 €.

5. Orzamento base de licitación:

Importe neto: 92.568,29 €.

Importe total: 112.007,62 €, IVE incluído.

6. Garantías exixidas.

Provisional: non se exige.

Definitiva: 5 % do importe de adxudicación (IVE excluído).

7. Requisitos específicos do contratista:

a) Clasificación: a indicada na epígrafe E da folla de especificacións do prego de cláusulas administrativas particulares.

b) Solvencia económica e financeira: deberá xustificarse polos medios sinalados na epígrafe F da folla de especificacións do prego de cláusulas administrativas particulares.

Solvencia técnica e profesional: deberá xustificarse polos medios sinalados na epígrafe G da folla de especificacións do prego de cláusulas administrativas particulares.

8. Presentación de ofertas:

a) Data límite de presentación: o prazo comezará o día seguinte ao da publicación deste anuncio no DOG e finalizará o décimo quinto día natural, ás 14.00 horas, salvo que o último día sexa inhábil, caso en que se prorrogará o prazo ao día hábil seguinte.

b) Modalidade de presentación: directamente no lugar indicado na epígrafe c) deste punto. Cando a proposición se envíe por correo, o licitador deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión



da mencionada oferta mediante telegrama, fax ou burofax o mesmo día. O número de fax é o 981 54 42 39.

c) Lugar de presentación:

1º. Dependencia: Oficina do Rexistro Xeral da Xunta de Galicia no Complexo Administrativo San Caetano.

2º. Domicilio: Complexo Administrativo San Caetano.

3º. Localidade e código postal: Santiago de Compostela 15781.

d) Admisión de variantes: non procede.

e) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a manter a súa oferta: dous meses contados desde a data da apertura das proposicións.

9. Apertura de ofertas:

a) Lugar: a sala onde se vaia realizar indicárase no perfil do contratante unha vez publicado este anuncio.

b) Enderezo: Edificio Administrativo San Caetano.

c) Localidade e código postal: Santiago de Compostela 15781.

d) Data e hora: o primeiro acto público, apertura do sobre B, documentación relativa aos criterios de adxudicación non avaliábel automaticamente, terá lugar, ás 12.30 horas, o décimo día natural seguinte ao da data de finalización do prazo de presentación das proposicións; de coincidir sábado ou día inhábil, trasladarase ao primeiro día hábil seguinte.

O lugar, día e hora do segundo acto público, lectura e avaliación do sobre B, e da apertura do sobre C, documentación acreditativa dos criterios avaliábel mediante a aplicación de fórmulas, indicáranse oportunamente no perfil do contratante.

10. Gastos de publicidade: serán por conta do adxudicatario.

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2017

Beatriz Cuíña Barja
Secretaría xeral técnica da Consellería de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza

